

<http://escoladeartelugo.com>

CONVOCATORIA DE SOLICITUDES DE MOBILIDADE PARA DOCENTES SAINTES FORMACIÓN da EASDRF, DENTRO DO PROGRAMA ERASMUS+

A Escola de Arte e Superior de Deseño Ramón Falcón de Lugo, fai pública a convocatoria de solicitudes de axuda para a Mobilidade de Persoal Formación desta EASDRF, no marco do programa ERASMUS+ .

Para poder participar nesta convocatoria os Docentes deberán preencher o formulario do anexo I, e adxuntar toda a documentación que se indica.

REQUISITOS PARA PARTICIPAR

Poderán participar neste programa os alumnos / as que reúnan os seguintes requisitos:

- Ter nacionalidade ou autorización de residencia válida nun dos países participantes no programa Erasmus+.
- Estar destinado na EASD Lugo, no momento de presentala solicitude coma no momento da realización da mobilidade.
- Xustificar que ten o nivel necesario da lingua utilizada na Institución de destino.

Para ser elixible Erasmus+ é obrigatorio pasar por un nivel de proba B2 do idioma dese país, ou probar o coñecemento deste idioma.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Resultará elixida aquela solicitude que obteña **MAIS** puntos, segundo os seguintes criterios. (O Tribunal de valoración estará formado por a Dirección do Centro e o Coordinador de PI da EASDRF e un profesor da EASDRF.

ORDE DE ENTRADA Na Secretaría da EASDRF Lugo.

(O primeiro en entrar terá trinta puntos, o seguinte un menos, o seguinte dous,.....)

IDIOMA

Maior nivel acreditado do idioma a usar para a mobilidade que se solicita. (De tódolos participantes, os de maior nivel C2 terán 7 puntos, por cada nivel inmediato inferior terán un punto menos)

RELEVANCIA PARA EASDRF Lugo

Aquelas propostas motivadoras que teñan como fin a firma de Convenios interinstitucionais, para que os nosos alumnos poidan facer mobilidades a esas Institucións estranxeiras, terán unha valoración de un punto, se a motivación e persoal pero relacionada con algunha das materias que se imparten na EASD dous puntos.. Solicitudes totalmente persoais, tres puntos.

En caso de empate prevalecerá o criterio de orde de entrada, tanto via Secretaría de EASD como no email da EASDRF. O Tribunal poderá descartar aquelas solicitudes, que por falta de documentación ou propósito, de maneira xustificada, estime oportunas.

O Coordinador de Programas Internacionais da EASDRF Lugo.